



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE SETEMBRO DE 2010

#### LICENZAS

##### FAVORABLES.-

**Lic/446/2009.- José Manuel Agrafojo Amigo.**- Legalización de de rehabilitación e ampliación dunha planta ou altura no lugar de Vilastrexo nº 13.

**Lic/1622/2010.- Ibercelta S.L..**- Legalización das modificacións executadas na edificación levada a cabo na Rúa do Pino transversa á Rúa do Tomiño.

**Lic/795/2009.- Carlos Fiaño Nieto.**- Modificación da licenza concedida para construcción de vivenda unifamiliar en Vilar de Outeiro.

**Lic/8/2009.- Sandra Camino Fernández.**- Modificación da licenza concedida para construcción dunha vivenda unifamiliar en Reibo, Laraño.

**Lic/1339/2010.- Carmen Miguez Maroño.**- Construcción auxiliar para garaxe en Santomil nº 28.

**Lic/1105/2010.- Jesus Grela Munin.**- Construcción auxiliar en Obrigada nº 30.

**Lic/1496/2010.- Comunidade de Propietarios.**- Instalación de ascensor en Avda. de Villagarcía nº 26.

**Lic/1381/2010.- Comunidade de Propietarios.**- Instalación de dous ascensores, un por portal na Avda. de Lugo 167-169.-

**Lic/411/2009.- Purificación Carballlo Perez.**- Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Rúa do Campiño de Guadalupe nº 29 A e B.

**Lic/1722/2009.- Santiago Regueiro Albariño.**- Rehabilitación de vivenda unifamiliar en Lamas de Carballal.

**Lic/787/2008.- Consuelo Calvo Noya.**- Construcción de vivenda unifamiliar.

##### AUTORIZACION DO ARTIGO 42 DA LOUG.-

**Lic/1527/2008.- Arcebispado de Santiago.**- Ampliación do cemiterio de A Peregrina.-

**Lic/678/2008.- Santiago Garcia Couselo.**- Construcción de vivenda unifamiliar vinculada a explotación agrícola en Muiño do Medio Marantes.

##### DENEGADA.-

**Lic/1971/2010.- Construccíons Otero Pombo S.A.**- Denegación de solicitude de devolución de fianza depositada en garantía da licenza 771/2000.

##### SUBSANACIÓN DE ERROS.-

**Lic/2165/2009.-** Subsanación do acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de marzo de 2.010 de concesión de licenza de construcción de vivenda unifamiliar en Casa Novas.

Autorización da modificación das condicións da licenza de referencia para adaptala á nova normativa do Habitat Galego.

**5.- Propostas da concelleira delegada de Rehabilitacion e Cidade Historica relativa a concesion de axudas a rehabilitacion de vivendas e locais do Casco Historico.**  
Apróbanse axudas para 34 vivendas por un importe de 85.635,90 euros.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación das Bases reguladoras e convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas da ARI do Polígono de Vista Alegre.**

Apróbanse as bases reguladoras das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas da área de rehabilitación integral do Polígono de Vista Alegre e a convocatoria das axudas

reguladas por ditas bases, fixando como prazo máximo para a presentación de solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario e como máximo ata o 31 de agosto de 2011. A convocatoria e as bases publicaranse no BOP.

Contía por anualidade:

2010.- 292.050 euros  
2011.- 232.000 euros  
2012.- 72.000 euros

**7.- Adxudicacion provisional do servizo de vixilancia das instalacions da UMAD.**

Adxudícase provisionalmente o servizo de referencia á empresa PROTECCIÓN DE PATRIMONIO SA, por importe de 37.443,34 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de desafectacion parcial da zona verde do CEIP Santiago Apostol.**

Acórdase solicitar á Consellería de Educación a desafectación de parte da zona verde do CEIP Santiago Apóstolo coa finalidade de conformar unha zona verde que conecte os parques de Monte da Almáciga e Bonaval.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á finalización da suspensión do derecho de voto de Estudio 5 de Gestión y Proyectos SA no expediente da Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-2 de Cornes.**

Tómase coñecemento da finalización dos efectos da suspensión acordada.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa ao proxecto de modificación do Regulamento Municipal de Centros e Locais Socioculturais.**

Apróbase o devandito proxecto

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso dos campos municipais de Santa Isabel e as Cancelas durante a tempada 2010/2011.**

Acórdase a concesión a uso dos devanditos campos a petición da Federación Galega de Fútbol para a temporda 2010-2011.

**12.- Propostas das concelleiras delegadas de Persoal e de Circulación relativas á contratación de dous auxiliares administrativos para o departamento de Tráfico.**

Apróbase a devandita contratación

**13.- Dar conta da resolucion de solicitud de subvencion á Secretaria Xeral da Igualdade.**

Dáse conta da resolución da Xunta pola que se desestima a solicitude de subvención realizada polo Concello.

**14.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención para proxectos ou accións de investigación-Acción relacionadas co esforzo global anti-VIH/SIDA en Galicia para o ano 2010.**

Dáse conta da subvención recibida por importe de 3.350,70 euros.

**15.- Dar conta da concesión de subvención da consellería de Traballo e Benestar para a realización de accións formativas experimentais e complementarias do ficheiro de servizo público estatal de emprego dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (F.S.E.).**

Dáse conta da subvención recibida por importe de 5.820 euros.

## **URXENCIAS**

- Acórdase modificar o contrato asinado polo Concello e a Caixa de Aforros de Galicia o 5 de xuño de 2009 no sentido de fixar a data límite de disposición de fondos o día 30 de decembro de 2010.